

NORMATIVA QUE REGULA OS ESTUDOS SEMIPRESENCIAIS E A DISTANCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A oferta académica da Universidade da Coruña (UDC) baséase fundamentalmente na ensinanza presencial. Con todo, a demanda e o interese por actividades docentes semipresenciais e a distancia é cada vez maior.

Nos últimos anos, a UDC verificou algúns títulos con modalidade semipresencial, e máis recentemente con modalidade a distancia. As axencias de avaliación nas súas orientacións para a verificación e acreditación dos títulos demándanlles ás universidades unha adaptación das normas e os procedementos que recollan as singularidades destas modalidades, tanto desde o punto de vista metodolóxico como desde o punto de vista normativo.

A actual normativa académica da UDC, aínda que non impide a realización deste tipo de ensinanzas, tampouco as recolle. Esta normativa apróbase para suplir este baleiro, aínda que o documento se deixa aberto a un desenvolvemento posterior que permita, a partir da experiencia adquirida, regular aspectos non incluídos inicialmente.

TÍTULO I. DESCRICIÓN DOS ESTUDOS SEMIPRESENCIAIS E A DISTANCIA NA UDC

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto da presente normativa é establecer as pautas aplicables á posta en marcha e posterior desenvolvemento das ensinanzas oficiais da UDC ofertadas en modalidade semipresencial e a distancia.

Serán igualmente aplicables a este tipo de ensinanzas as disposicións xerais e o resto de normativas da UDC que non entren en contradición coas aquí expostas.

Artigo 2. Definicións

1.1. Modalidades de impartición

Tendo en conta o documento de «Orientacións para a elaboración e avaliación de títulos de grao e máster en ensinanzas non presenciais e semipresenciais» da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU), e as notas aclaratorias acordadas na reunión REACU do 15/01/2020, para os efectos desta normativa defínense as seguintes modalidades de ensinanza:

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



- *Presencial*: onde as metodoloxías e actividades formativas requiren a presenza física de profesorado e alumnado cunha programación horaria determinada e a dirección presencial dun docente nas aulas, que poden estar conectadas por tecnoloxías que permitan a interacción. A docencia presencial poderá tamén usar como apoio as ferramentas tecnolóxicas (para compartir materiais docentes, apoio á titoría, autoavaliacións etc.).
- *Semipresencial*: onde as metodoloxías e a planificación das actividades formativas combinan a interacción do estudiantado e o profesorado nas aulas co desenvolvemento de actividades formativas non presenciais asíncronas e, en xeral, un maior traballo autónomo do alumnado ao propio da ensinanza presencial. En materias con modalidade semipresencial establécese un rango de presencialidade de entre o 10 % e o 28 % de presencialidade das horas de dedicación de cada crédito ECTS (entre 2,5 e 7 horas por ECTS).
- *A distancia*: onde as metodoloxías e a gran maioría das actividades formativas non requiren a presenza física do estudiantado nas aulas. En materias con modalidade a distancia establécese un rango de presencialidade inferior ao 10 % das horas de dedicación de cada crédito ECTS (menos de 2,5 horas por ECTS).

1.2. Carácter dos plans de estudo

Os plans de estudo das titulacións oficiais de grao e máster da UDC terán carácter presencial, semipresencial ou a distancia, sempre segundo o indicado na súa memoria de verificación.

- *Semipresencial*: cando todas as materias se imparten en modalidade semipresencial ou contén materias de diferente tipo (presencial, semipresencial e a distancia). O número de horas presenciais totais non poderá exceder o 28 % do número total de horas de dedicación segundo os créditos ECTS do título.
- *A distancia*: cando todas as súas materias sexan impartidas en modalidade a distancia, sen prexuízo de que algunhas das súas actividades, sen exceder o 10 % do número total de horas de dedicación, segundo os créditos ECTS do título, sexan presenciais de forma excepcional.

Artigo 3. Trámites administrativos

Con carácter xeral os procedementos administrativos nas titulacións impartidas de forma semipresencial ou a distancia serán os mesmos que para o resto de titulacións ofertadas na UDC. Con todo, a vicerreitoría con competencias en

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



planificación académica poderá establecer normas específicas para as ensinanzas impartidas nestas modalidades.

Todos os órganos implicados nos procesos de preinscrición e matrícula, e en xeral en calquera trámite administrativo, das titulacións con modalidade a distancia deberán velar por facilitar ao máximo a súa realización de forma telemática e prestar a atención personalizada necesaria para a culminación dos ditos procesos.

O estudantado admitido e matriculado nunha titulación da UDC que posúa máis dunha modalidade de impartición poderá solicitar o cambio de modalidade nos prazos que se habilitarán anualmente para ese efecto. O cambio de modalidade será aprobado pola Xunta de Centro, ou a comisión que teña delegadas as ditas competencias, tendo en conta o límite de prazos e a capacidade de cada unha das modalidades.

Artigo 4. Procedemento para a tramitación da oferta anual de titulacións nas modalidades semipresencial e a distancia

O procedemento que se seguirá, tanto para implantar unha nova titulación na modalidade semipresencial ou a distancia como para modificar unha existente que cambie de modalidade a unha semipresencial ou a distancia, será o mesmo que o previsto con carácter xeral para a implantación ou modificación de titulacións oficiais da UDC.

Nas memorias de verificación especificarase a modalidade de impartición do título. As particularidades deste tipo de ensinanza teranse en conta á hora de redactar e xustificar os diferentes apartados da memoria (metodoloxías docentes que se utilizan, actividades formativas, sistemas de avaliación, recursos materiais etc.) para o cal a vicerreitoría con competencias en materia de planificación académica lle facilitará á comisión de elaboración da memoria a correspondente documentación.

No caso de títulos que se vaian impartir en dúas modalidades diferentes, terán que presentar na memoria de viabilidade a xustificación da incorporación de dúas modalidades, e do número de estudantes previstos en cada modalidade. Con carácter xeral, as titulacións da UDC só poderán manter dúas modalidades de impartición diferentes se o número de estudantes de cada modalidade é igual ou superior ao tamaño do grupo de referencia en cada unha delas. O tamaño do grupo de referencia será aprobado anualmente polo Consello de Goberno por proposta da vicerreitoría competente en materia de profesorado.

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



Artigo 5. Sistema de información previa

O centro responsable do título aprobará, publicará e comunicarlle individualmente ao estudiantado admitido, de forma previa á matrícula en cada curso académico, a seguinte información:

- Calendario académico do título, incluíndo, para os títulos con modalidade a distancia, os períodos de actividades presenciais que sexan obrigatorias para o estudiantado.
- Listaxe de recursos materiais, e en especial aqueles tecnolóxicos, que o estudiantado necesite para o seguimento adecuado da docencia e da avaliación, tales como equipamento informático necesario para as actividades formativas, uso de cámaras web durante os exames se estes se realizan por medios telemáticos, ou sinatura dixital para presentar traballos.

Así mesmo, o estudiantado deberá acreditar, mediante unha declaración de aceptación e recoñecemento no momento de formalizar a matrícula, que foi informado do calendario académico e dos recursos de que precisará dispoñer para poder desenvolver a actividade docente, así como da política de privacidade e o tratamento de datos persoais en relación coa docencia virtual na UDC.

TÍTULO II. DOCENCIA

Artigo 6. Métodos pedagóxicos

As metodoloxías de aprendizaxe nas modalidades semipresencial e a distancia requiren de estratexias didácticas específicas que promovan a aprendizaxe autónoma e a autorregulación, á vez que estimulen o traballo colaborativo e a interacción frecuente con outros estudantes e co/a profesor/a. Así pois, o profesorado que imparta docencia nestas modalidades debe promover o uso de metodoloxías activas que contribúan ao logro das competencias e habilidades propias de cada titulación.

Artigo 7. Recursos de aprendizaxe

A docencia na modalidade semipresencial e a distancia esixe que os/as estudantes dispoñan de materiais de estudo especificamente adaptados en canto ao seu formato e contido didáctico. En concreto, débense empregar materiais didácticos multimedia que combinen textos con outros elementos interactivos como gráficos, animacións, arquivos de audio ou vídeo, ligazóns web etc. A implantación dunha titulación en modalidade semipresencial ou a distancia levará implícita a transformación por parte do profesorado dos correspondentes

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



materiais, guías de estudo, probas de avaliación etc. adaptados á modalidade de impartición.

As actividades de aprendizaxe deberán igualmente estar adaptadas ás características da modalidade de impartición, tanto no seu deseño como no seu enfoque didáctico e pedagóxico.

A docencia a distancia levarase a cabo utilizando os recursos materiais que a UDC pon de forma institucional a disposición da súa comunidade e, en concreto, serán de uso obrigado aqueles recursos especialmente adecuados para a docencia na modalidade a distancia ou semipresencial como son o Campus Virtual da UDC e as ferramentas de videoconferencia e traballo colaborativo na nube. Para garantir a súa recuperación en procesos de reclamación ou de acreditación de títulos, a entrega de actividades formativas avaliadas realizarase obrigatoriamente a través das ferramentas das plataformas institucionais adecuadas para ese efecto.

No caso de titulacións conxuntas (interuniversitarias) poderanse utilizar outras plataformas se o seu uso está debidamente xustificado. O convenio subscrito entre as universidades determinará os recursos que se utilizarán.

A planificación das ensinanzas dos títulos que se impartan en modalidade semipresencial ou a distancia ha de incluír procedementos adecuados para a comunicación telemática entre o profesorado e o estudiantado, e sistemas para facilitar a interacción entre eles (chat, videoconferencia, foros etc.).

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da UDC orientará o profesorado para deseñar materiais adaptados á docencia semipresencial ou a distancia e para usar recursos materiais adecuados.

Será necesario que a identidade corporativa da UDC quede debidamente reflectida nos novos materiais que se elaboren para estas modalidades. Co obxecto de uniformizar os materiais didácticos, estes deberán ser editados e maquetados de acordo cos modelos definidos na identidade corporativa da UDC, antes da súa posta a disposición dos/as estudantes.

O centro responsable da titulación e os departamentos implicados na docencia, a través do profesorado coordinador das materias, velarán por que a calidade dos materiais elaborados, as actividades formativas e os recursos materiais que se empreguen sexan os adecuados. Para facilitar a supervisión, o CUFIE porá á súa disposición os recursos necesarios para valorar a adecuación dos materiais, actividades e recursos en cada materia.

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



Artigo 8. Avaliación da aprendizaxe

A avaliación gardará unha relación directa coa natureza e o enfoque dos contidos, así como cos métodos pedagóxicos utilizados. En xeral, fomentárase a avaliación continua e ponderada das actividades de avaliación. A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudiantado poderá incluír tanto probas que se realicen presencialmente, ou a distancia de forma síncrona, como outras probas ou elementos de valoración recompilados durante o desenvolvemento das actividades formativas.

En todo caso, no deseño das actividades de avaliación o profesorado terá en consideración as directrices da memoria de verificación do título, as da Comisión de Calidade, Comisión Académica do título e as da normativa da UDC, e terán que ser publicadas a través da guía docente da materia, que se revisa anualmente.

O alumnado será informado antes do inicio do curso escolar do calendario, o lugar, os criterios, os procedementos e os instrumentos con que vai ser avaliado.

Débense establecer mecanismos adecuados para garantir a identidade dos/as estudantes, así como a autoría e orixinalidade de calquera das probas de avaliación e dos traballos realizados polo alumnado. Isto pode ser xustificado pola presencialidade do sistema de avaliación, ou ben por unha adecuada combinación de tecnoloxía e recursos humanos que permita garantir a identificación dos/as estudantes e o control do contorno naquelas probas de avaliación que se realicen a distancia.

Os supostos de fraude quedan suxeitos a criterios disciplinarios e sancionadores previstos nas *Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario* da UDC. En concreto serán sancionables as condutas seguintes:

- a suplantación de personalidade nas probas de avaliación
- a utilización de material ou dispositivos non autorizados durante a realización das probas de avaliación
- a copia ou actuación fraudulenta nas probas avaliáveis

Tal e como sinala a normativa académica xeral da UDC, os/as estudantes terán dereito a solicitar un xustificante da realización das probas de avaliación que requiran convocatoria, aínda que estas se realicen a distancia mediante recursos que permitan a interacción síncrona.

Artigo 9. Revisión das cualificacións

Os/as estudantes de materias que se impartan nas modalidades semipresencial e

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



a distancia terán dereito a un proceso de revisión das actividades de avaliación realizadas e, en concreto, do exame final se o houber. No momento do anuncio das cualificacións provisionais, e seguindo a normativa da UDC, publicarase, para o caso do estudiantado matriculado en modalidade semipresencial ou a distancia, o procedemento elixido para levar a cabo a revisión. No caso da modalidade a distancia utilizaranse necesariamente recursos telemáticos que permitan a comunicación a distancia (síncrona ou asíncrona) entre docente e estudante.

En todo caso, deberá quedar constancia de que realizou revisión e a data en que se realizou, mediante a gravación da sesión (en caso de ser telemática por videoconferencia), a copia do intercambio de correos electrónicos ou outras comunicacións asíncronas, ou calquera outro sistema que acredite que se realizou a revisión.

Artigo 10. Titorización e atención personalizada

O alumnado que curse unha titulación en modalidade semipresencial ou a distancia terá asignado/a un titor ou titora de acordo coa normativa de PAT de cada centro.

Á súa vez, o profesorado que imparta a materia realizará un seguimento constante do alumnado coas obrigacións seguintes:

- Fixar polo menos unha sesión de titoría síncrona semanal para atender consultas e dúbidas do alumnado. Nese horario, o profesorado estará dispoñible para se poder comunicar co alumnado a través das canles oficiais (videoconferencia, foros, correo).
- Previr o abandono facendo un seguimento do alumnado que non se conecta ou non cumpre os prazos de entrega das actividades.
- Atender adecuadamente as consultas que o estudiantado realice, a través dos medios que se indiquen na guía docente, de maneira que non se produza unha demora superior a 48 horas, en días lectivos, desde a súa formulación sen que o docente se poña en contacto co/a estudante, nin unha demora superior a 7 días lectivos sen que a consulta reciba o tratamento adecuado que lle permita ao/á estudante seguir avanzando na súa aprendizaxe.
- Realizar unha titoría proactiva que promova a interacción e a participación do alumnado a través das diferentes ferramentas de comunicación mediante actividades colaborativas, debates etc.
- Cualificar as actividades e tarefas do alumnado nun prazo non superior a un mes. No caso daquelas actividades cuxa resolución sexa necesaria

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



para o avance do alumnado no seu proceso de aprendizaxe, aconséllase non superar os sete días.

En todos os casos constarán nas guías docentes das materias os métodos e recursos que se establecen para realizar as actividades de titorización e de atención personalizada do estudante.

Artigo 11. Guías docentes

As guías docentes das materias en modalidade semipresencial ou a distancia deberán especificar e describir claramente os seguintes elementos:

- Os contidos e as actividades de aprendizaxe, indicando claramente os que son presenciais e non presenciais, do mesmo xeito que aqueles que son síncronos e asíncronos.
- Os recursos que necesitará o/a estudante para o seguimento da materia.
- Os procedementos e canles de comunicación que serán utilizados no desenvolvemento da materia.
- Os procedementos establecidos para levar a cabo as actividades de seguimento e titorización .
- Os métodos de avaliación, indicando claramente os que son presenciais e os que se poden realizar a distancia.

TÍTULO III. PROFESORADO

Artigo 12. Profesorado

O profesorado que imparta docencia en materias ofertadas na modalidade semipresencial ou a distancia deberá cumprir os requisitos que con carácter xeral están previstos na normativa para titulacións oficiais. E, adicionalmente, deberá acreditar experiencia e/ou formación específica orientada a estas modalidades, tanto metodolóxica como no emprego de plataformas e recursos para impartir este tipo de docencia. A vicerreitoría con competencias en planificación académica establecerá o procedemento para obter a dita acreditación.

No caso do profesorado con vinculación permanente na universidade, a porcentaxe da súa dedicación á ensinanza semipresencial ou a distancia non deberá ser superior ao 50 % salvo casos debidamente xustificadas.

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		



Artigo 13. Cómputo da dedicación docente

Para os efectos do cómputo da dedicación individual do profesorado da UDC terase en conta tanto o número de estudantes que constitúen un grupo de referencia na modalidade a distancia como o encargo docente asociado a cada tipo de crédito implantado, que será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da vicerreitoría competente en materia de profesorado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte do seu publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do 27/01/2021
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	28/01/2021 09:22:01
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/j6cXsav3Vg21jAp51zSI3g==		

